



BASES DA CAMPAÑA

"EnRÚAte no Calvario"

"CALVARIO, CCA" a través da súa entidade xestora ACECA (Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario), organiza unha Xincana baixo o título "**ENRÚATE NO CALVARIO**". OS PARTICIPANTES deben ter entre 5 e 13 anos, e **só será válida unha papeleta por participante.**

I- PRAZO DE PARTICIPACIÓN: Entre o 1 de maio de 2024 ata as 12,00 horas do 27 de maio de 2024, 18 establecementos membros da Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario e a Biblioteca Xosé Neira Vilas exhibirán, nun lugar visible do escaparate, unha adiviña relacionada co nome dunha rúa do Calvario, co fin de que os nenos e nenas atopen a resposta cando fagan o recorrido da gymkana visitando todos eses establecementos.

II - FUNCIONAMENTO: Os participantes terán que percorrer os establecementos colaboradores na campaña e escribir a resposta correcta no recadro asignado o efecto. Para participar no sorteo han de estar cubertas **CORRECTAMENTE AS 18 CUESTIÓNS.**

As papeletas estarán dispoñibles na Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario, nos establecementos participantes e na páxina web www.aceca-vigo.com.

Unha vez cubertas, poderán depositarse na urna precintada instalada na sede de ACECA (San Roque, 109, interior local 14). En horario de 10,00 a 13,00 e de 17 a 19h, venres só de 10,00-13,00 horas. Se aceptarán papeletas **ata as 12,00 horas do 27 de maio de 2024.**

III- PREMIO: Entre tódolos participantes que cubran correctamente a papeleta realizarase un sorteo o vindeiro 28 de maio ás 12,00 horas, no que haberá dous gañadores . O primeiro premio consistirá nun DISPOSITIVO DE ÚLTIMA XERACIÓN + LOTE DE LIBROS MÁIS UN CARNET VIP DE LECTOR da BIBLIOTECA XOSE NEIRA VILAS. O segundo premio consistirá nunha EXPERIENCIA GASTRO NO DOMINO'S PARA COMPARTIR con 3 amigos/as que elixa (máis o gañador). E o terceiro premio será un ALMORZO FAMILIAR EN "CON SABOR" (Rúa Urzáiz, 73). (En ningún caso o premio trocarase por diñeiro).

IV- ESTABLECEMENTOS COLABORADORES:

- **RELOJERIA GONZALEZ**
R/ Urzaiz, 191
- **BIBLIOTECA**
XOSE NEIRA VILAS
R/ Martinez Garrido, 21
- **OHANA DENTAL**
R/ Martínez Garrizo, 80
- **NOLOTIRE**
Travesía de Vigo, 24
- **VIGOOPTICA**
R/ Urzaiz, 110
- **INFOPREC**
R/Jenaro de la Fuente, 40
- **LA FERRETERIA**
R/ Monforte de Lemos, 10
- **AIDA ARAUJO**
R/ Doctor Carracido, 1
- **SERGEANT MAJOR**
R/ Urzáiz, 153
- **EL TALLER DEL CU4TRO**
R/ San Salvador, 4
- **ZAPATILLERIA COMPOSTELA**
León, 20
- **TITIERO**
C/ Jenaro de la Fuente, 13
- **ADMON LOTERIA SAGITARIO**
R/ Urzaiz, 191

- **CLINICA BALANCE**
R/ Doutor Carracido, 1
- **LA TIENDA**
R/ Pizarro, 32
- **NOA RIVERA**
R/ Doutor Carracido, 134
- **VICUS**
Av. Emilio Martínez Garrido, 51
- **CON SABOR**
R/ Urzáiz, 73

V- SORTEO: O sorteo celebrarse o **MARTES 28 DE MAIO ÁS 12,00 HORAS**, na Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario, San Roque 109 Interior local 14. 36205 Vigo.

VI- COMUNICACIÓN DOS PREMIADOS e ENTREGA DOS PREMIOS: Comunicarase por vía telefónica aos pais/nais/titores dos nenos/as gañadoras. Ata en 3 ocasións a diferentes horas do día. En caso de non o poder localizar o premiado , sacarase unha nova papeleta o martes día 28 de xuño.

En ningún caso, o premio quedará deserto. Unha vez que se notifique ao pai/nai/titor que foi o gañador do sorteo citaráselle para a recollida do premio, na data e hora indicada .

Durante o concurso, así como durante a entrega de premios, poderán tomar imaxes dos participantes que serán utilizadas para a realización de videos promocionais, presentacións,etc. sempre con fins non lucrativos.

Os participantes autorizan a captación e fixación por parte de ACECA da imaxe do participante (incluíndo o nome e fotografía); e, en todo caso, autorizan a difusión da súa imaxe, nome ,de forma dixital ou en papel, por calquera medio, soporte e formato de explotación (incluíndo, de forma ilustrativa notas de prensa, páxinas de Internet, perfís en redes sociais, blogs, sen limitación xeográfica, temporal, ou de calquera outra índole, aos efectos de dar a coñecer a súa condición de participantes e/ou gañadores nos Concursos, polos medios que ACECA considere

convenientes. A anterior autorización será con carácter gratuito e non xerará contraprestación ningunha por parte de ACECA a favor do participante.

A participación no concurso determinará a autorización expresa do participante no tratamento das imaxes antes mencionado. O pai/nai/titor do gañador/a autoriza a utilización das devanditas imaxes nos medios anteriormente mencionados.

VII- LOPD (Lei Orgánica de Protección de datos): Os datos persoais solicitados para a inscrición neste concurso serán incorporados a un ficheiro cuxo responsable é a Asociación de Comerciantes do Calvario. Os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación, que asisten cada un dos seus titulares, poderán ser exercidos ante a devandita Asociación de calquera forma válida en dereito coa que quede acreditada a identidade do solicitante. Por iso, o solicitante poderá dirixir a súa solicitude a sede da Asociación sita na rúa: San Roque, 109 interior local 14 (36205), Vigo. Teléfono 986.27.45.45. Os datos solicitados utilizaranse unicamente con fins promocionais exclusivamente de actividades desenvolvidas pola propia Asociación de Comerciantes e empresarios do Calvario.

VIII- ACEPTACION DAS BASES: Os participantes polo mero feito de participar no presente concurso, aceptan as bases da promoción.

Bases que poderán ser consultadas na páxina web www.aceca-vigo.com.